

Decálogo de boas prácticas nas Festas do Barrio de San Pedro:

○ **Mantén o barrio limpo:** tan importante como recoller é non ensuciar, se somos conscientes dos residuos que manexamos e os depositamos nos lugares apropiados, as rúas non se verán deterioradas ó longo das festas.

○ **Ser verde é doado:** reduce o lixo que produces, reutiliza e separa.

○ **Reutiliza:** nas barras da Comisión só serviremos con ecovasos, se aproveitas a consumir nos establecementos do barrio, trata de reutilizar os vasos nos que te sirvan.

○ **Utiliza os WC's da Comisión:** sabemos que facer colas nos baños ás veces é desesperante, mais pensa en como quedan as nosas rúas logo dun só día de festa. Nesta ocasión serán 7 días compartindo, bebendo, disfrutando... non fagamos dos recunchos das nosas rúas lugares intransitables no segundo día de festas. Aproveita as colas para facer amizades, mirar o teu teléfono...

○ **Se vas vir con nen@s,** pensa que vai haber momentos do día nos que haxa un certo grao de masificación onde é doado despistarse e levar un susto. Extrema precaucións e valora posibles medidas preventivas: píntalle no brazo o teu número de teléfono, se é maior explícalle os lugares onde pode atopar á xente da Comisión, etc.

○ **Se atopas algún obxecto** ou se o perdes, achégate a unha das cantinas da comisión de festas.

○ Xa sabemos que os coches molan, pero **mellor ven a pé ou en bici.** Se bebes, non conduzas; é un delito legal e moral.

○ **Respecta o dereito** da veciñanza ao descanso.

○ Preferimos que non fagas botellón pero, en todo caso, **deixa o sitio limpo.**

○ **A Comisión de Festas está sempre localizable** e se non nos atopas, podes preguntar por nós na cantina da Comisión, que estará situada na Praza 8 de Marzo (xunto a Porta do Camiño) o xoves e venres, e na Rúa Concheiros o sábado das festas.

Somos un barrio aberto, acoledor e orgulloso dunhas festas que se basean no traballo voluntario e a boa vontade da veciñanza, respecta as instrucións da organización e a nosa filosofía. Gañaremos todos e todas!



COMISIÓN DE FESTAS
Barrio de San Pedro